



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua e literatura: Galego

Materia	Lingua e literatura: Galego			
Código	O05G120V01602			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Lantes Vitureira, Xesús			
Profesorado	Gutierrez Izquierdo, Jose Ramon Lantes Vitureira, Xesús			
Correo-e	xelavi@edu.xunta.es			
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos desta materia son lingüísticos e literarios. A disciplina está concibida para profundar en coñecementos lingüísticos non impartidos en cursos anteriores (historia da lingua e lingua e sociedade, fundamentalmente) e para fornecerlle ao alumnado os rudimentos necesarios para a comprensión e análise de textos literarios e / ou prosísticos. Esta materia proporcionará ao futuro docente coñecementos científicos, estratexias e recursos para favorecer o seu labor como docente. Ademais adquirirán un maior desenvolvemento nas destrezas básicas: lectura (comprensión, ritmo, dicción), expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e expresión escrita (corrección, cohesión, propiedade).			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
A5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
A7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
A9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B4	Coñecemento de lingua estranxeira
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B10	Traballo nun contexto internacional

B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B18	Lideranza
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A1 A2 A3	B1 B2 B3 B9 B13
2. Favorecer as capacidades de fala e escrita.	A1 A3 A11	B1 B3 B11 B13 B15 B16 B17
3. Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.	A1 A3 A12	B1 B2 B3 B7 B13 B15 B16 B17
4. Falar, ler escribir correcta e axeitadamente en galego.	A1 A3 A7	B1 B3 B13 B15 B16 B17
5. Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.	A1 A3 A5 A11	B1 B3 B5 B9 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19
6. Coñecer as liñas xerais da historia da lingua galega.	A1 A2 A12	B1 B3 B7 B8 B13 B15

7. Coñecer os rudimentos teóricos para analizar a relación entre lingua e sociedade.	A1 A3 A5	B1 B2 B3 B7 B9 B12 B13 B14 B15 B16 B17
8. Coñecer a situación lingüística mundial multilingüe e multicultural.	A1 A2 A3 A9	B1 B2 B3 B6 B7 B8 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B19
9. Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.	A1 A2	B1 B4 B7 B8 B13 B14 B15 B16 B17 B19 B20
10. Relacionar a situación lingüística de Galicia coa situación lingüística mundial.	A1 A3 A7	B1 B2 B3 B6 B7 B8 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B19
11. Coñecer a situación legal, a normalización e a normativización do galego.	A1 A2 A7	B1 B2 B3 B7 B8 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B19

12. Fomentar a eliminación dos prexuízos lingüísticos tanto da escola como da sociedade.	A1 A3 A7	B1 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B19
13. Coñecer a tradición oral e o folclore.	A1 A3 A5	B1 B3 B6 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B19
14. Adquirir formación literaria.	A1 A3 A7 A10	B1 B2 B3 B7 B8 B13 B15 B17 B21
15. Comprender o feito literario.	A1 A3	B1 B2 B3 B9 B11 B13 B15 B17 B19 B21
16. Coñecer os rudimentos do comentario de texto (narrativo e/ou poético).	A1 A3 A5 A10 A11	B1 B2 B3 B7 B8 B9 B13 B15 B16 B17 B21
17. Coñecer a historia da literatura galega para saber contextualizar os textos que se comenten.	A1 A3 A12	B1 B2 B3 B7 B8 B13 B14 B15 B16 B17 B21

18. Aplicar os conceptos lingüísticos e literarios á análise da realidade galega etendendo á súa especificidade.	A1 A3	B1 B2 B3 B7 B8 B9 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B21
--	----------	---

## Contidos

Tema	
1. Historia da lingua	1.1. A formación da lingua galega. 1.2. O galego na Idade Media. 1.3. Os Séculos Escuros. 1.4. O século XIX. 1.5. O século XX.
2. Lingua e sociedade	2.1. A linguaxe e a comunicación. Características esenciais da linguaxe. 2.2. O estudo da lingua. A Lingüística e a Gramática. A Sociolingüística e a Socioloxía da Linguaxe. 2.3. Unidade e variedade da lingua galega. 2.4. Lingua oral e lingua escrita. Didáctica da pronunciación e da ortografía. O desenvolvemento da escritura. 2.5. A situación lingüística no mundo: diversidade versus uniformidade. 2.6. Os xuízos de feito versus os xuízos de valor. 2.7. Os prexuízos lingüísticos: definición e algúns exemplos. 2.8. Linguas hexemónicas e linguas minorizadas. 2.9. A relación entre estatus de lingua e poder político-económico. 2.10. Ámbitos de uso do galego: ensino, medios de comunicación, igrexa, administración, etc. 2.11. As linguas de comunicación internacional versus as linguas ameazadas. 2.12. Distinción entre comunidade lingüística e comunidade política. 2.13. Principios legais para a recuperación das linguas ameazadas. Personalidade e Territorialidade. 2.14. Linguas en contacto: caso galego. Bilingüismo e diglosia. 2.14.1. Definicións. 2.14.2. Precisións conceptuais sobre a diglosia. 2.14.3. Interferencias lingüísticas derivadas do contacto entre linguas. 2.15. A normativización e a normalización. 2.15.1. Precisións terminolóxicas. 2.15.2. A situación legal do galego. 2.15.3. A normativización.
3. Tradición oral e folclore	3.1. A literatura popular de tradición oral. 3.2. Da literatura de tradición oral á tradición escrita de autor.
4. Literatura	4.1. Breve historia da literatura galega. 4.2. Especificidade da literatura galega. 4.3. O comentario de texto. 4.4. A linguaxe e a literatura.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	15	26	41
Resolución de problemas e/ou exercicios	26	34	60
Traballos tutelados	12	33	45
Outras	2	2	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición

Sesión maxistral	Exposición teórica dos contidos do temario e orientación dos traballos que o alumnado debe realizar durante o curso. Aclaracións sobre as cuestións explicadas e resolución de dúbidas e cuestións dos estudantes.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Corrección de actividades iniciadas na aula. Orientacións sobre os criterios para a elección de traballos que deben realizar. Aclaracións de todas as dúbidas que expoñan os discentes. Exposición de traballos.
Traballos tutelados	Elaboración de textos (poético, narrativo, ensaio, dramático) e comentario de textos: prosa, poesía, teatro e ensaio. Orientacións sobre a metodoloxía que deben empregar. Aclaracións de dúbidas. Orientacións sobre as lecturas obrigatorias.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula ou a calquera dúbida referida á actividade desenvolvida. Resolución de problemas e/ou exercicios: Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de tutoría como nas horas de traballo nas aulas. Traballos tutelados: Orientación sobre os comentarios literarios. Os estudantes disporán de atención personalizada tano nas horas de tutoría como nas horas de traballo de aula.
Traballos tutelados	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula ou a calquera dúbida referida á actividade desenvolvida. Resolución de problemas e/ou exercicios: Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de tutoría como nas horas de traballo nas aulas. Traballos tutelados: Orientación sobre os comentarios literarios. Os estudantes disporán de atención personalizada tano nas horas de tutoría como nas horas de traballo de aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula ou a calquera dúbida referida á actividade desenvolvida. Resolución de problemas e/ou exercicios: Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de tutoría como nas horas de traballo nas aulas. Traballos tutelados: Orientación sobre os comentarios literarios. Os estudantes disporán de atención personalizada tano nas horas de tutoría como nas horas de traballo de aula.
Probas	Descrición
Outras	

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Asistencia e participación. Todo o temario explicado na aula entrará no exame final.	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	Traballo orixinal	10
Traballos tutelados	Elaboración de tres comentarios (narrativo, teatro, poesía). Elaboración de catro textos propios (Poesía (soneto), narrativa (relato), teatro (escena), e ensaio (carta ao director, ...) Lectura de tres libros	25
Outras	Realización de exames	35

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Orientacións ao alumnado

O exame final será obrigatorio para todos. O mínimo acadado nesa proba para poder sumar as notas obtidas nos traballos de curso é de 3.5.

Os traballos teñen entre si unha forte relación, de aí que para poder sumar as notas dos traballos é obrigatorio realízalos na súa totalidade.

O alumnado que non asista regularmente á clase terá que obter como mínimo un 5 no exame final.

A segunda convocatoria consistirá nun exame teórico-práctico. A cualificación mínima: 5.

As actividades/competencias/probas non superadas durante o cuadrimestre poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

### Bibliografía. Fontes de información

Beltrán, V., **A Cantiga de Amor**, Vigo: Xerais,  
Brea, M. e Lorenzo Gradín, P., **A Cantiga de Amigo**, Vigo: Xerais,  
Cassany, D., Luna, M., e Sanz, G., **Enseñar lingua**, Barcelona: Graó,

Gutiérrez Izquierdo, R., **Lectura de nós. Introducción á literatura galega**, Vigo: Xerais,

Lanciani, G. e Tavani, G., **As cantigas de Escarnio**, Vigo: Xerais,

López Casanova, A., **El texsto poético. Teoría y metodoloxía**, Salamanca: Colegio de España,

López Casanova, A., **Diccionario metodolóxico de análise literaria. I A poesía**, Vigo: Galaxia,

Marchese, A e J. Forrradellas, **Diccionario de retórica, crítica y terminoloxía literaria**, Barcelona: Ariel,

Mariño, R., **Historia da lingua galega**, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco,

Meléndez Cabo, M. e Vega Vázquez, I., **Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa**, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro,

Monteagudo Romero, H., **Estudios de sociolingüística galega**, Vigo: Xerais,

Ninyoles, R., **Estrutura Social e Política lingüística**, Vigo: Ir Indo,

Noia, C., **"O conto de tradición oral" en Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional**, A Coruña: Asociación Cultural Il Canle,

Rodríguez Baixeras, X., **Bos tempos para a lírica. A xeración de 80**, Coruña: Espiral Maior,

Rodríguez Fer, C., **Comentario de textos contemporáneos**, Vigo: Xerais,

Tarrío Varela, A., **Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica**, Vigo: Xerais,

Tusón, J., **Mal de linguas**, Santiago de Compostela: Positivas,

Vilavedra, D., **Historia da literatura galega**, Vigo: Galaxia,

Villanueva, D., **El comentario del texto narrativo: cuento y novela**, Madrid: Nostrum,

Vilavedra, D., **A narrativa galega na fin de século**, Vigo: Galaxia,

VV.AA., **Literatura galega. Século XX**, Vigo: Edicións A Nosa Terra,

VV. AA., **Historia da literatura galega**, Vigo: Edicións A Nosa Terra/ A.S-P.G.,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/O05G120V01202

Didáctica da lingua e literatura: Galego/O05G120V01501

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Historia: Historia do presente/O05G120V01203

Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento/O05G120V01104

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Lingua galega/O05G120V01404

### **Outros comentarios**

É imprescindible a asistencia a clases e a realización dos traballos e tarefas dun xeito personalizado e sistemático.

A ficha persoal coa foto debe entregarse na primeira semana de clases.